

F. Fernández Rei (2013): “O mar da Arousa na literatura galega: a ‘Cantiga’ de Lueiro Rey”, en R. Nicolás Rodríguez (coord.): *Manuel Lueyro Rey (1916-1990)*. Vigo: Xerais, 90-97.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

O mar da Arousa na literatura galega: a “Cantiga” de Lueiro Rey

Francisco Fernández Rei

O mar da Arousa é, moi probablemente, o de maior presenza na literatura galega moderna. Nas súas ribeiras naceron e criáronse autores como o cambadés Ramón Cabanillas e os rianxeiros Castelao, Rafael Dieste e Manuel Antonio, polo que as augas, os barcos, os ventos, as illas, os cons, as ribeiras, as vilas e as xentes dese mar, dun xeito ou doutro, aparecen nas páxinas deses clásicos. A eles habería que engadir Fermín Bouza-Brey, nado en Pontearreas, pero criado á beira da Arousa, en Vilagarcía, de onde era seu pai e onde a súa familia tiña a residencia habitual.

1. En Manuel Antonio non hai mostras explícitas do mar da Arousa e da paisaxe arousá, porque o seu é un “mar puro, sin ribeiras nin costas, perdido entre costelaciós”, como dixera Otero Espasandín cando apareceu o poemario *De catro a catro* (1928). Porén, a “paisaxe” da Arousa está ben presente no léxico tradicional propio (e ás veces exclusivo) da xente do mar de Rianxo que se rexistra en moitos dos vangardistas versos do rianxeiro.

Nos primeiros poemarios de Cabanillas hai composicións con tema mariñeiro ou con certa presenza dun mar real, o arousán visto desde a ribeira de Cambados. Como emigrante en Cuba, a saudade reflectiuna en varios textos do seu primeiro poemario, *No desterro* (1913), entre elas, “A trainera”, canto á embarcación moderna e veloz que chegara a Cambados desde a costa de Cantabria a comezos de séc. XX e á que lle pide que erga bulindo a vela e que meta o temón á présa para o “probe desterrado” devolver ó patrio lar.

Sálvora, a “illa encantada de rochedos de coral”, que garda nunha furna a fúlxida espada Escalibur e que vela o sono do rei Artur, e Nor, o imponente cón que vixía a entrada do mar da Arousa, están presentes na obra de Cabanillas, como tamén está a dorna, a señora da ría, a embarcación tradicional icona dese mar (e particularmente do

Grove, Ribeira, Aguiño ou A Illa). Na composición “Mariñeira” (*Vento mareiro* 1921) trata o naufraxio dunha dorniña polbeira:

Leste duro
Mar bravo.
Curiscadas da choiva.
A noite vai rubindo
cabaleira na sombra.
As fortes ás tendidas,
inquietadas, sin rumbo, silenzosas,
levadas pol-o vento
déixanse ir as gaiotas.
(...)

2. O mar da Arousa está tamén na obra de escritores que non son arousáns de nacemento, pero si de corazón. Está no teatro mariñeiro de Cotarelo Valledor, especialmente en *Beiramar* (1931), con moito léxico que seguramente este arraiano da Veiga aprendeu en Vilaxoán, de onde era a súa muller. As augas do “enxel mar da Arousa” e a chamada guerra da traíña de comezos do séc. XX os xeiteiros e conserveiros cataláns están nas páxinas iniciais da novela *Antón e os inocentes* (1976) de Méndez Ferrín. E arousán, da Proba do Deán, é Heriberto Bens (heterónimo de Ferrín), autor do longo poema “Ós líderes mariñeiros que fuxiron na dorna e morreron no Atlántico, lonxe do terror” (1967), elexía en honra da combativa clase mariñeira galega brutalmente castigada polo terror fascista desatado en xullo do 1936.

Poetas clásicos das terras do interior achegáronse ó mar da Arousa, como Aquilino Iglesia Alvariño, que viviu en Vilagarcía e cantou o fermoso solpor arousán en “Unha gamela nova”, do poemario *Cómaros verdes* (1947). Ese solpor é tamén o motivo do soneto “Diante do mar de Cambados”, do poemario *Seitura* (1955), de Fermín Bouza-Brey, que arela da ría de Arousa “grávida de côres, / serea dos atlánticos amores”, referencia esta á serea de Sálvora que casou con Mariño de Lobería) un recanto no seu argacento colo para durmir arrolado polo mar.

Mesmo Uxío Novoneyra, o poeta dos tesos cumes do Courel, se asomou ás ribeiras do mar da Arousa en dúas breves composicións¹:

¹ Aparecen na obra colectiva *O Cancioneiro e o mar* (1998), publicado polo Fogar do Pescador de Vilaxoán o ano en que se dedicou o Día das Letras Galegas a Mendiño, Martín Codax e Joan de Cangas, poetas do mar de Vigo.

1

Viñen

a Arousa ó mar,
Non podo parar de ollar,

2

Unha

pebida redonda
luida onda a onda
bruñida que non vencida.
Unha pebida redonda
ben polida pola vida.

Na edición de 1957 do poemario *Cantiga nova que se chama Riveira*², na neotrovadoresca composición “Si miña señor á i-alba da Arousa beilar” o mindoniense Álvaro Cunqueiro, con raíces familiares en Cambados, cantou a ría, a dorna e a illa Cortegada, vizoso bosque de loureiros e inmenso piñeiral no fondo da ría, na desembocadura do Ulla:

Si miña señor á i-alba da Arousa beilar
poñereille, belida, un ventiño no mar.
A dorna vai e ven
que meu amor ten!

Poñereille unha fruta e máis un reiseñor
e unha longa soedade coma a da mar maior
A dorna vai e ven
que meu amor ten!

Na illa de Cortegada poñereille un galán
por pastor das mareas co seu remo na man.
A dorna vai e ven
que meu amor ten!

Poñereille unha gaita no bico da ría
e unha avelaneira no medio do día.

² A 1ª ed., de 1933, publicada en Ronsel, contiña 19 cantigas. Na ed. ampliada de 1957, de Monterrey, engadiuse a 20, que non se publicara antes, e cinco novas cantigas, numeradas de 21 (“Si miña señor á i-alba da Arousa beilar”) a 25 (“Por oír a unha rula decir de amor”).

A dorna vai e ven
que meu amor ten!

3. Ben distinta desta composición, tanto formal como tematicamente, é a “Cantiga do mar da Arousa” de Manuel Lueiro Rey, editada na *Escolma ferida* (1977) deste arousán de corazón, con nacemento en Fornelos de Montes (1916), ben lonxe do mar, pero que se trasladou ó Grove en 1923, onde morreu en 1990.

Como sinala Ramón Nicolás, na vila do Meco Lueiro foi coñecendo o mundo, foise formando na escola de seu pai (mestre), foi gozando dunha paisaxe humana e vital practicamente oposta á súa terra natal e viviu as primeiras experiencias laborais (nunha forxa e nunha conserveira); e no Grove, tan presente na súa obra xornalística e literaria, afortaláronse os seus principios ideolóxicos, sempre da parte dos menos favorecidos (Lueiro 2005: 8).

A fascinación pola ría da Arousa lévaos en 1959 a escribir unha “carta á miña ría arousá”, na que, entre outras cousas, canta a súa inmensa beleza:

Podo confesar que me gañaches moi axiña, e que moi axiña cheguei ás túas intimidades. En cada recanto teu só atopei o entusiasmo do creado no quefacer eterno da paisaxe. Porque ti, ría miña, es fermosa e sorprendente a calquera hora do sol e da noite. O mesmo fermosa á alba que ao mediodía, e igualmente digna nas tardes que nas noites de luar ou escuras. En cada intre, a túa beleza presente en ofrecemento gratuíto cara á vida. Porque, iso si, que o saiban todos: estás chea de feitizos polos catro costados, e na rosa dos teus ventos nada hai arisco nin nada repulsivo (Lueiro 2005: 49).

A “Cantiga do mar da Arousa” é unha excelente mostra do Lueiro comprometido cos pobres da terra, onde manifesta a tristura que lle producira en 1952 a situación da ría onde non había máis que fame, emigración e lugares sen xente³, tal como vemos nas seis estrofas iniciais (pareados con rima consoante):

Perto das praias de Boiro,
aínda hai nenos en coiro.

Perto das praias do Grove,
caen lóstregos e chove.

³O poema tiña como encabezamento esta nota: “No ano 1952, na ría da Arousa non había máis que fame. Os homes fuxían polos longos camiños da emigración. Os pobos estaban valeiros. Eu sufrín esa tristura” (Lueiro 1977: 49-50). A nota non aparece na reedición do poema en Lueiro (2003: 39-40).

Dente a Puebla hastra Palmeira,
non hai fariña na peneira.

De Vilanova a Cambados,
soio hai vellos anguriados.

Non hai mozos. Todos ciscados
van polo mundo espallados.

Dornas podres, racús vellos,
xeiteiros sen aparellos.

Nos catro primeiros pareados aparecen vilas representativas dos dous costados dese todo que forma a ría da Arousa, pois tradicionalmente xente das dúas beiras pescaban nas mesmas postas ou mariscaban nos mesmos bancos, á vez que había barcos que unían por mar as dúas beiras (Ribeira con Vilagarcía, Rianxo con Vilagarcía...) ou vilas dunha mesma beira (O Grove con Cambados e Vilagarcía...). Lueiro cita na cantiga os nomes de Boiro, A Pobra e Palmeira (do costado de noroeste) e os do Grove, Vilanova e Cambados (do costado de leste)⁴; e fai referencia á pobreza (“nenos en coiro”), á angustia da xente maior (“vellos anguriados”), á fame (“non hai fariña na peneira”) é ó mal tempo (“caen lóstregos e chove”).

No quinto pareado alude á emigración, que deixaba sen xente nova a beiramar da Arousa⁵. Nos anos 50 xente do Grove emigraba a Brasil (tamén a Norteamérica, Venezuela e Arxentina) ou ben traballaba en barcos de pasaxe da compañía, particularmente na “American Line”, mentres a xente de Cambados emigraba maioritariamente á Arxentina e na zona de Aguiño moitos facían a Norteamérica. Mariñeiros do Grove nesa década andaron ó bacallau en Terranova e noutros mares de Canadá, mentres que a finais dos 50 e nos anos 60, como pasou en Cambados, moitos mariñeiros “navegaban” en mercantes, sobre todo, holandeses.

No sexto pareado móstranos a pobreza da xente mariñeira, que faenaría con vellos barcos tradicionais (“dornas vellas” e “racús vellos”) e sen aparellos os que

⁴ A xente mariñeira de Fefiñáns-Cambados entre a que me eu criei fala dun costado de leste, que vai do Grove a Carril; e un costado de noroeste (ou de “noroeste”), que vai de Rianxo a Aguiño.

⁵ En 1963 publicaría no xornal *La Noche* o artigo “Barcos varados” onde trata a emigración da xente mariñeira arouzá: “Estes barcos varados que estou vendo hoxe, máis arriba da praia, alí onde nace o millo e se estende o verde agridoce das hortalizas, son barcos mortos, xa volo digo, porque o home foi matar a fame a outros lugares” (Lueiro 2005: 58).

andaban ó xeito. O Grove era daquela un dos referentes arousáns na construción de dornas, coa peculiar dorna meca; e era tamén un dos portos que andaban ó xeito, non tanto como o era (e segue a ser) Rianxo. Lueiro comprobaría no caso do Grove unha regresión histórica no ámbito das artes e dos barcos, pois a vila do Meco nos anos da República tivera unha importante frota a motor do cerco; pero anos despois a descapitalización e a miseria fixeron que as dornas e xeitos tradicionais volvesen a gañar a partida, como levaban facéndoo desde séculos atrás cada vez que había crise.

4. Despois da pregunta “¿Qué ten / o mar da Arousa / meu ben?”, veñen outros catro pareados (con rima asonante o terceiro) dedicados só á xente do mar:

Antre os Mesos e máis Rúa,
con noite pecha ou con lúa,

en calquera das mareas,
hai un runxir de cadeas.

Aló enriba na Curota
hai sempre unha néboa morta.

Eiquí en baixo o pé da amura,
xa non hai máis que tristura.

Nos dous primeiros pareados alude Lueiro ó traballo escravo no mar de noite (“con noite pecha ou con lúa / en calquera das mareas / hai un runxir de cadeas”)⁶, e usa ese termo *runxir* que alude ó borbollón que fai o peixe na tona da auga, cando vai xunto nunha bola. As dúas partes da ría están representadas polo revastal dos Mesos, na beirada de leste da canle que vai do Pombeiro e Sálvora ata Vilagarcía, e a illa de Rúa, inmensos cons aboiando no mar que lle dan a fasquía dun barco atracado na beirada de noroeste da devandita canle⁷.

No terceiro pareado aparece a Curota, sempre con “néboa morta”, o que indica mal tempo, polo que a xente non pode ir ó mar, e de aí a tristura ó pé da amura do barco.

⁶ Sobre os tipos de pesca na ría da Arousa escribiu un artigo en 1949 ” (Lueiro 2005: 41-46), baseándose en datos do “meu bo amigo señor Vicente, que o mesmo pesca un polbo ca unha unha xiba ou fala dos teros mentres dispón un churrasco, ao estilo pampeiro”.

⁷ Os Mesos, onde a xente de Cambados tomaba peixe coa arte do mediomundo ou ben traballaba co rastro da vieira e da “samuriña”, é un coñecido rebastal, termo arousán para designar pedras aliñadas -ou sen aliñar- cubertas pola auga. Son moitos os rebastais do mar da Arousa, moitos deles ben sinalizados con diversos faros.

A Curota é referencia fundamental para os mariñeiros do costado de leste, que miran cara esa parte da Barbanza para saberen qué tempo vai facer. Se está clara, hai bo tempo; pero hai mal tempo cando “ten chapeu”, que é como din en Cambados cando “ten a néboa peghada no piruco”; e tamén é signo de mal tempo se ten “feltrechos blancos”, en referencia ó cerco que se lle forma na boca a esa Curota⁸.

5. A terceira parte da cantiga son dúas quartetas (distribuídos os versos como se fosen pareados) nos que Lueiro arela que a forza do vento –ese vento que eternamente bate en tanto cón e en tanta laxa que hai por todo o mar da Arousa– encha de coraxe os desfavorecidos deste mundo (simbolizados na clase labrega e mariñeira) para que unidos acaben cos seus explotadores (“Temos que mata-lo Meco”):

¡Ai meu ben! que bata o mar
enriba de cada laxa.

Co vento posto a bruar
lle dé os homes coraxe.

Todos xuntos, compañeiros.
Nunca é tarde, sempre é cedo.

Labregos e mariñeiros:
Temos que mata-lo Meco.

Como salientou Alonso Montero, o autor da “Cantiga do mar da Arousa” era “tan ‘radical’ (que vén de ‘raíz’), foi un poeta decididamente xusticeiro, ás veces tan belixerante que, nalgúns casos, a espada brillaba máis que a canción” (Lueiro 2003: 8). Boa proba disto son os versos finais da cantiga, onde pide que a Galicia dos desfavorecidos, a labrega e a mariñeira, se una para derrotar a quen os escraviza; e para iso utiliza a sinécdoque do Meco⁹, esa lenda da que con tanto orgullo fala a xente do

⁸ En Cambados, desde terra, para ver o tempo tamén se mira para a illa de Ons e para a Toxa Pequena: é sinal de mal tempo se Ons se ve moi claro, encima da Toxa; e o mesmo se a Toxa Pequena se ve aumentada, “cando parece que se colle coa man, cando se ve tan serca”. E estando no mar, de traballar na enseada de Reboredo (no Grove), que era posta de chinchorro, se a laxa do Santo dese enseada brillaba quería dicir que viña mal tempo.

⁹ En 1953 publicara na prensa un artigo sobre o Meco (don Xoán de Meca), onde aclaraba que non fora o crego da lenda, senón un “administrador e recador do Cabido e Abadía, feudal e mullereiro, tiránico, mais sen xurisdición nin dereitos de forza e coitelo, pendón e caldeiro, nin moito menos do de

Grove, un pobo que non menos orgullo sentiu co comportamento da súa xente que loitou contra o piche nas praias e no mar, cando o desastre do *Prestige* a finais do 2002.

De vivir, posiblemente Lueiro escribiría unha cantiga en honra da xente do mar da Arousa que cun esforzo sobrehumano (e asemade patético), organizados polos Pósitos e polas asociacións de mexiloeiros, se enfrontaron, eles sós, ó chapapote na boca da ría, entre o Pombeiro e Sálvora, nos días en que os mares galegos choraban bágoas negras.

E seguramente conversaría sobre o tema e esa épica co seu amigo mariñeiro “Casal”, que posiblemente fose quen máis lle falou do mar da Arousa ó poeta. A estampa de Lueiro (alto) e Casal (baixote), paseando xuntos polo porto, pola “catorse” e por outras rúas do Grove é seguramente a imaxe del que máis xente recorda na vila do Meco.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Lueiro Rey, M. (1977): *Escolma ferida*. Sada- A Coruña: O Castro.

Lueiro Rey, M. (2003): *Derradeira escolma ferida (de onte, de hoxe, de mañán)*.

Edición de Ramón Nicolás Rodríguez. Vigo: Xerais.

Lueiro Rey, M. (2005): *O Grove: canción do sal e do vento*. Limiar e edición de Ramón Nicolás Rodríguez. Vigo: Xerais.

ç

pernada”. O insaciable fardel do Meco foise enchendo coa suor do labrego e co esforzo dos mariñeiros, ata que un día “unha madrugada limpa, mentres o vento que baixaba do Ulla varría as nubes e o sol, correndo, aparecía sobre os montes de Cambados, todo o pobo en motín buscou a don Xoán de Meca na súa propia gorida, e na figueira sen froito, a mesma que prende aínda hoxe firme e verde entre os penedos, fixeron xustiza”. E cando o xuíz quixo saber quen matara o Meco, “o pobo en masa, unido, libre xa daquela carga insidiosa, limitouse a contestar cunha soa voz: ‘Matámolo todos’” (Lueiro 2005: 33-37).